

XUSTIZA CLIMÁTICA E ENERXÉTICA XA ESIXIMOS ACCIÓN



Estamos a vivir una profunda crise na que á situación de emerxencia climática súmase agora una continua escalada de prezos e incertezas pola dependencia dos combustíbeis fósiles. Amais, á inxustiza climática que supón que os menos responsábeis do problema sexan os que sofren as consecuencias de maneira máis acusada, súmase agora a inxustiza enerxética, onde os oligopolios están a ter beneficios extraordinarios mentres a cidadanía nos empobrecemos. Facemos un chamamento aos gobernos para acelerar a transición enerxética cara a un modelo eficiente, xusto, democrático e renovábel; que protexa ás persoas máis vulnerábeis e garanta o acceso a un medio ambiente limpo e san, declarado recentemente como un dereito humano universal pola Asemblea Xeral de Nacións Unidas.

“O atraso na acción climática significa mortes”. Así valoraba Antonio Guterres, Secretario Xeral das Nacións Unidas, as conclusións do informe do Panel Intergubernamental de Cambio Climático (IPCC) sobre os impactos da crise climática e a adaptación necesaria. A emerxencia climática é unha crise de dereitos humanos dunha magnitude sen precedentes e a falta dunha resposta acaída á crise climática está a provocar violacións dos dereitos humanos. Cando menos 3.600 millóns de persoas viven xa en situación de enorme risco climático e a redución de emisións, a adaptación e a xustiza climática son a única resposta posible.

No Estado español, este mesmo ano, sentimos gravemente os impactos do cambio climático, con terríbeis ondas de calor mortais, lumes forestais, secas e outros fenómenos extremos. Una realidade ante a que a única resposta posíbel pasa por reducir as nosas emisións, adaptarnos aos cambios e responder con xustiza climática.

O modelo de crecemento ilimitado mediante a continua queima de combustíbeis fósiles e a destrución dos ecosistemas ten que rematar. A ciencia indica que cómpre realizar reducións máis profundas e máis rápidas de gases de efecto invernadoiro. De feito, no Estado español estas reducións deberían descender até acadar a neutralidade climática antes de 2040. Con todo, os últimos datos de emisións da Unión Europea amosan que se está a recuperar a tendencia á alza das emisións que se rexistraba antes da COVID (no Estado español aumentaron un 5,1% en 2021 con respecto ao ano anterior). Un ano e medio despois da entrada en vigor da Lei de Cambio Climático hai moitas medidas políticas que seguen sen se aliñar coas recomendacións establecidas polo IPCC.

Una acción que debe de ampliarse máis aló das nosas fronteiras, dando resposta á responsabilidade histórica e á débeda de carbono que o noso territorio ten con boa parte do Sur Global. Nunha situación de clara inxustiza, unha serie de estados enfronta xa hoxe as máis graves consecuencias do cambio climático cando non son responsábeis diso. Namentres, os estados do Norte Global, incluído o español e o resto da Unión Europea, non achegan o financiamento que deben e mesmo frean o desenvolvemento de instrumentos para acelerar a mitigación e a adaptación ao cambio climático e para afrontar globalmente as perdas e os danos.

12 DE NOVEMBRO DÍA MUNDIAL DE ACCIÓN

LA guerra de Ucraína deixou patente a estreita dependencia entre os combustíbeis fósiles, os conflitos xeopolíticos, militares e un sistema económico depredador da vida. As consecuencias da mesma estanse a multiplicar, facendo subir moito os prezos de servizos tan básicos como a alimentación ou o acceso á enerxía, dereitos fundamentais para o benestar humano. Enfrontar a emerxencia climática require avanzar cara á soberanía alimentaria e enerxética, unha mudanzas que producirán impactos positivos no planeta á vez que reducen a nosa nociva dependencia das enerxías fósiles. A promoción de modelos intensivos na alimentación, do vehículo privado e das novas infraestruturas fósiles son apostas erróneas con enormes implicacións negativas sociais e ambientais, tal como lembra o IPCC. Apostar por reactivar gasodutos ou regasificadoras prolonga a nosa dependencia dos combustíbeis fósiles e frea recursos que necesitamos urxentemente para a transición enerxética xusta e a protección dos dereitos humanos das xeracións presentes e futuras.

As advertencias climáticas e científicas son cada vez meirandes, e as consecuencias cada vez máis catastróficas, emporiso nos mobilizamos. As organizacións asinantes esiximos aos gobernos reunidos na COP27 que incrementen de xeito inmediato a acción climática. Ao Goberno español esixímoslle una contribución decidida e comprometida ao financiamento da adaptación das persoas e comunidades máis vulnerábeis do planeta, coherente coa súa responsabilidade climática, así como fondos adicionais para compensar as perdas e danos resultado da emerxencia climática. Asemade, o Goberno debe elevar a ambición dos obxectivos de redución de emisións da Lei de Cambio Climático e Transición Enerxética en liña coas indicacións científicas e a xustiza social. Un proceso de revisión que debe realizarse coa participación da cidadanía, as entidades científicas e a sociedade civil organizada, no que se debe antepor a protección dun futuro vivíbel e una transición xusta fronte aos beneficios dun modelo de crecemento inviábel que nos está a levar a un colapso ambiental e social.

Diante da organización da COP 27 en Exipto, a comunidade internacional e, en particular, os estados que van participar nela incluído o español, debe instar as autoridades exipcias a tomar medidas concretas para reverter a profunda crise de dereitos humanos do país, garantindo a participación da sociedade civil no espazo público durante este cume e de xeito duradeiro.

No Estado español, Exipto e en todo o mundo a cidadanía esixe máis acción pola xustiza climática. O tempo para actuar esgótase e xogámonos TODO nesta loita, DIANTE DA INACCIÓN DOS GOBERNOS, O BRUAR DA RÚA ESIXINDO,

QUE NON MUDE O CLIMA, QUE MUDE O SISTEMA!

Se es unha organización, apoia o manifesto en

<https://forms.gle/uKB62KVn91j9GhUH8>



12 DE NOVEMBRO DÍA MUNDIAL DE ACCIÓN

Propostas de acción

Hai un conxunto de accións que é urxente acelerar para protexer os dereitos humanos e o medio ambiente que habitamos. Cómpre conseguir un sistema enerxético que malgaste menos enerxía, use só enerxías renovábeis, e no que a cidadanía teña una maior participación e capacidade de decisión; un sistema de mobilidade máis sustentábel, que supoña menos viaxes, máis curtas, e de forma máis saudábel para as persoas e para o planeta; un sistema alimentario máis sustentábel, con produción ecolóxica, máis próxima, con menos emisións de efecto invernadoiro, con impactos positivos na biodiversidade, cun uso sustentábel da auga e con mellores condicións laborais. Para isto, é imperioso impulsar verdadeiras solucións como, entre outras:

- Incrementar a acción climática elevando os obxectivos incluídos na lei de cambio climático e transición enerxética, así como os compromisos internacionais adquiridos, en liña coas indicacións científicas e a xustiza social (obxectivos de redución de emisións e de apoio financeiro para adaptación e para perdas e danos do cambio climático).
- Facer fronte á débeda de carbono adquirida polo Estado español co sur global aumentando decididamente o financiamento da adaptación das persoas e comunidades máis vulnerábeis do planeta, e das perdas e danos que xa están a sufrir, asegurando que se cobre a cantidade necesaria.
- Acelerar a transición a un novo modelo enerxético moito máis participado pola sociedade baseado no aforro e a eficiencia enerxética e nas enerxías renovábeis, abandonando as enerxías fósiles e nucleares, cunha adecuada planificación que permita compatibilizar o despregamento renovábel coa conservación da biodiversidade, a repartición dos seus beneficios aos seus habitantes e territorio e a preservación e impulso dos modos de vida rurais sustentábeis.
- Democratizar a enerxía fomentando o autoconsumo e as comunidades enerxéticas.
- Impulsar un modelo alimentario de proximidade, sustentábel e ecolóxico.
- Descarbonizar o transporte cun cambio cara a modos máis sustentábeis (fomentar a bicicleta con redes de rúas e carrís exclusivos para as bicis), o transporte público e a diminución das necesidades de mobilidade (por exemplo, garantindo servizos públicos de proximidade para evitar desprazamentos).
- Eliminar a subvención de 20 céntimos/litro ao combustíbel, porque fomenta o consumismo dun recurso que se está a esgotar e que ademais provoca gran parte do quecemento climático.
- Aplicar e comprobar que se cumpre o límite de velocidade máxima intraurbana de 30 km/h en tódalas cidades; así como a interurbana, limitando máis a velocidade interurbana máxima.
- Eliminación de voos curtos que teñan alternativa ferroviaria.
- Mellorar a rede e os servizos ferroviarios para vertebrar o territorio e arrefriar o planeta.
- Asegurar una transición xusta para as persoas traballadoras e para os colectivos vulnerábeis.
- Establecer medidas garantistas fronte á pobreza enerxética e contra a estafa do oligopolio enerxético.
- Recuperar un mundo rural que leva anos enfrontándose ao abandono.
- Abrir a definición das políticas climáticas á participación da cidadanía, das entidades científicas e da sociedade civil organizada.
- Promover un modelo que revalorice e redistribúa os traballos de coidados.

